

PLOP



Plop era un moucho pequeno que vivía coa súa nai e mais co seu pai na selva, na copa dunha árbore altísima.

Plop era gordecho, cuns enormes ollos redondos. Tiña un precioso colar de plumas en forma de corazón e unhas patas curtas e moi tortas.

Era serio, silencioso, observador... Exactamente igual a todos os mouchos pequenos que existiron sempre, excepto nunha cousa: era moi medroso.

Asustábano a escuridade e os vagalumes. Tiña no xílgaro un gran amigo e chamáballe a atención o voo dos morcegos nas noites de verán.



LECTURA COMPRENSIVA:

1- Explica como era Plop

2- Cal era o principal problema deste moucho?

3- Con quen vivía Plop?

4- Escribe o nome dos animais da lectura.

5- Debuxa un moucho.

